

¿QUÉ TAL TU SEMANA?



BO DÍA CON ALEGRÍA!

Que tal vai a semana? Espero que ben...xa estamos na metade e logo chega o venres! Así que moito ánimo.


Xa vin que fixestes moitos de vós o kahoot. Aqueles que non o fixeron, que non se preocupen pero intenten levar máis ou menos as tarefas ao día porque poden perder algunha. Porén, tratarei de poñer un día máis para facelo a próxima vez.

E nada, comezamos **nova unidade**. Como ben dixeron en naturais, non vos preocupedes porque serán **conceptos faciliños de entender** e non é necesario aprendelos pero si entendelos moi ben de modo que poidades contar ás vosas familias o que estades a traballar.



O título da unidade é **DA PREHISTORIA Á IDADE ANTIGA**. Como sempre, facede letras dobres con cores e debuxos e engadides UNIDADE DIDÁCTICA. Deseñade todo máis ou menos na metade do caderno. Aquí debaixo queda un exemplo.

Da Prehistoria á Idade antiga



Agora imos comezar a unidade vendo o seguinte vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=51O05kyufSM>

Sinxelo de entender, non? Moitos conceptos xa eran coñecidos por vosoutros do curso anterior pero había que refrescar a memoria 😊

Logo de ver o vídeo, pasamos a páxina completa da portada e arriba de todo escribiremos o que segue a continuación. Non é máis que un resumo do vídeo visto.

QUE É A HISTORIA?

A Historia é a ciencia que se encarga de estudar, analizar e organizar os distintos acontecementos do ser humano desde o pasado á actualidade. Nesta ciencia traballan conxuntamente:

- Historiadores. Traballan con materiais encontrados en distintos sitios e así descubrir que pasou.
- Arqueólogos. Dan información sobre os restos materiais creados polo home (cerámica, pinturas, esculturas, roupa, xoias...). Estes restos están nos xacementos (lugares onde fan escavacións para conseguir os restos).
- Xeógrafos. Proporcionan información sobre os lugares onde viviron as persoas fai anos.

AS FONTES HISTÓRICAS

Son pistas que dan información sobre como vivían, que pasou na época que investigan os historiadores. Os tipos de fontes son:

- Fontes escritas. Un libro, documentos, un xornal...
- Fontes orais. Unha canción cantada, unha lenda, una historia contada de xeración en xeración.
- Fontes materiais. Cerámica, xoias, roupa, moedas ...
- Fontes gráficas. Unha fotografía, unha pintura ...

(FIN DO COPIADO)

O único que teredes que facer é un **pequeno esquema das fontes históricas** como vou facer eu de exemplo. Podedes usar cores distintas das miñas, por suposto! E podedes engadir debuxos para que ese esquema sexa moito máis claro pois xa sabedes que **non hai que imprimir**.

OLLO! Coas liñas...é mellor facelo a lapis e logo facedes con rotu ou pinturas, vale?



Vémonos o sábado!!!

